

PLAN DE VOLUNTARIADO

2020-2024

ASOCIACIÓN AMIZADE



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	Páx.3
Presentación da Entidade	Páx.3
Principios inspirados do Plan	Páx.5
MARCO LEXISLATIVO	Páx.9
OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS	Páx.12
Área de sensibilización	Páx.14
Área de coordinación e apoio	Páx.15
Área de formación	Páx.16
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	Páx.17
DOTACIÓN ORZAMENTARIA	Páx.18

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Presentación da Entidade

A historia de **Amizade** comeza no ano **1988**, momento no que foi creada baixo o nome de “Amistad” por un grupo de persoas con discapacidade que buscaban unha solución para os seus problemas. No ano 1997 a actividade asociativa aumenta en gran medida ao entrar a formar parte de COGAMI.

No ano 2003 é cando cambia o seu nome, pasando a chamarse Amizade (Asociación de persoas con discapacidade da Comarca de Pontevedra) para adaptalo lingüisticamente ao idioma galego.

A partir dese momento Amizade experimenta un crecemento que se aprecia ano tras ano en número de socios/as e actividades, iniciativas que se levan a cabo e prestacións.

O cambio máis recente da asociación produciuse no ano 2007, momento no que cambia a directiva de Amizade, así como a localización da mesma a Monte Porreiro coa creación dun centro de recursos adaptado ás necesidades e demandas dos usuarios/as.

Amizade ten como **misión** “conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en tódolos ámbitos da sociedade”.

Entre outros, os **fins** que contemplan os estatutos da asociación son os seguintes:

- Acadar unha sociedade onde o colectivo das persoas con discapacidade poida gozar dos seus dereitos en condicións de igualdade real, co máis absoluto respecto a súa dignidade e diversidade.
- Defensa do dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.
- A defensa dos dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou de gran dependencia, así como a promoción da súa integración e participación activa na sociedade.

- Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
- Crear as condicións para que os socios/as poidan cumprir axeitadamente a misión.
- Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con discapacidade.
- Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do grupo social das persoas con discapacidade.
- Participar na Orientación, coordinación e impulso do Movemento Asociativo no que estea integrada a “Asociación Amizade” con criterios de solidariedade.
- Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.

Ao longo dos case 30 anos de vida da Asociación Amizade téñense posto en práctica numerosos proxectos e actividades encamiñados todos eles a mellorar a calidade de vida de toda a poboación en xeral, e a das persoas con discapacidade en particular.

Para conseguir o obxectivo xeral pretendido, as actividades que desenvolvemos dende Amizade diríxense cara tres focos de actuación:

- **Persoal:** Acadar unha repercusión directa no propio usuario/a mellorando as súas condicións físicas, intelectuais e cognitivas. Para isto, vense incidindo nas capacidades motoras que melloren a súa autonomía, incrementando os seus coñecementos a través do uso das novas tecnoloxías, promovendo hábitos saudables, ou capacitando para exercer unha profesión.
- **Familiar:** Favorecer as relacións familiares das persoas con discapacidade ofrecendo información ás familias e posibilitando situacións de respiro familiar.
- **Socio-Laboral:** Conseguir unha sociedade máis xusta que dea cabida a todos/as os/as cidadáns/as, valorando a diversidade non como un problema senón como unha característica persoal que enriquece á sociedade.

O noso centro ten por finalidade satisfacer as necesidades de promoción profesional e a habilitación integral das persoas con discapacidade na súa zona de residencia, sempre axustadas ás súas características persoais e polo tanto cun itinerario específico que lles permita superar os obstáculos que ás veces supón a súa discapacidade.

Non pretende ter un carácter finalista ou residual, no sentido de que as persoas que participan no centro permanecen alí sen máis posibilidades de avance, senón que se contempla como unha oportunidade máis dentro do sistema laboral, sempre que sexa factible; é dicir, como unha etapa previa á formación ocupacional ou ao emprego, tanto nun entorno protexido (centros especiais de emprego) como nun emprego na empresa ordinaria.

1.2. Principios inspirados do Plan

En termos xerais, Amizade ao igual que COGAMI (entidade á que pertence) se adhire á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, á carta de Dereito Sociais da UE, ás Normas Unificadas de Igualdade e á Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

Amizade ten en vigor un Código Ético que abrangue a toda a entidade e establece que:

MISIÓN

Conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e a promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

VISIÓN

Un movemento asociativo consolidado e amplamente recoñecido pola sociedade en xeral, polos seus valores e liderado:

-na I+D+I de metodoloxías de traballo coas persoas con discapacidade

-na prestación de servizos de excelencia dirixidos ás persoas con discapacidade

VALORES

Valores de entidade

1. Defensa de dereitos das persoas con discapacidade.
2. Igualdade interseccional.
3. Solidariedade.
4. Participación.
5. Implicación social.
6. Independencia.

Valores de xestión

1. Transparencia
2. Mellora continua.
3. Innovación.
4. Calidade.
5. Profesionalidade.
6. Democracia interna.
7. Enfoque de xénero

A parte, no presente Plan de Voluntariado de Amizade recóllense os principios orientadores da acción voluntaria que enuncia o artigo 4 da **Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria:**

- 1. Participación, promovendo o desenvolvemento dun tecido asociativo propio, desde o pleno recoñecemento da súa autonomía funcional e pluralismo, e a implicación da cidadanía na consecución dos intereses públicos.*
- 2. Solidariedade, altruísmo e gratuidade da acción que se desenvolve, excluíndose a procura ou o aproveitamento dun beneficio material.*
- 3. Liberdade persoal e respecto do pluralismo e das opcións persoais das persoas voluntarias e das persoas destinatarias da súa acción.*
- 4. Colaboración e complementariedade entre as entidades de acción*

voluntaria e as administracións públicas sen que en ningún caso a acción voluntaria poda implicar unha substitución do traballo profesional ou das obrigas dos poderes públicos”

En termos legais, Galicia conta, dende o ano 2011 cunha Lei de Acción Voluntaria que identifica a acción voluntaria como a expresión dunha participación social recorrente e continua mediante a incorporación permanente das persoas voluntarias en Entidades de acción voluntaria.

No marco da Estratexia de acción voluntaria 2016-2018 que recolle as directrices marcadas polo Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, e nomeadamente, contribúe ao desenvolvemento do obxectivo estratéxico do PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2015-2020 (PEG 2015-2020), Eixe 2 / PA 3 / OE.2.3.02: Impulsar a solidariedade e o voluntariado para axudar ás persoas en situación de risco de pobreza e/ou con necesidades.

Este obxectivo responde ao reto identificado no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 de promover a cultura da solidariedade e establecer novos programas de voluntariado orientados a colectivos específicos, segundo as necesidades, que melloren a calidade de vida das persoas en risco e incrementen a participación da cidadanía, en especial da mocidade.

Principios orientadores:

- Integralidade, transversalidade e coordinación.
- Corresponsabilidade e compromiso.
- Autonomía das entidades de acción voluntaria.
- Efectividade, eficacia e eficiencia.
- Transversalidade de xénero.

Integralidade, transversalidade e coordinación

Concíbese o fenómeno do voluntariado desde unha perspectiva global e integral.

Considérase o voluntariado unha realidade polimorfa que conta cunha entidade

propia, que é a que lle confire a normativa que a enmarca.

Enténdese o voluntariado como unha expresión específica das múltiples formas de participación social que emerxen na sociedade. Esta forma de participación social está regulada por lei, pero é dinámica e desborda as estruturas das organizacións e administracións que están ao seu servizo. Procúrase unha aproximación transversal e aberta, na que a coordinación dos distintos axentes participantes facilite a complementariedade que precisa para o seu impulso e desenvolvemento.

Corresponsabilidade e compromiso

Considérase que a riqueza da participación social que se canaliza a través da acción voluntaria organizada reclama a implicación comprometida e responsable dos axentes que teñen o mandato de coidala e alentala.

Esta responsabilidade e compromiso non é exclusiva das administracións públicas e entidades de acción voluntaria, senón que abrangue a toda a sociedade no seu conxunto e tamén a cada unha das persoas que individualmente participan, xa que a acción voluntaria é un patrimonio de todos e cada un dos cidadáns e cidadás.

Autonomía das entidades de acción voluntaria

Ter especialmente en conta que as entidades de acción voluntaria que operan nos ámbitos de acción de interese social que recolle a Lei 10/2011 (anterior lei 3/2000), funcionan de forma autónoma respecto aos poderes públicos. Estes últimos teñen o mandato de fomentar, coordinar e apoiar a contribución autónoma das entidades de acción voluntaria.

Efectividade, eficacia e eficiencia

Contribuír a que se desenvolva o voluntariado como unha forma efectiva de contribución social dunha cidadanía activa. Elaborar Plans que marquen uns obxectivos e resultados que se poidan acadar de forma eficiente.

Transversalidade de xénero

Contribuír ao cambio de condutas sexistas e favorecer procesos de igualdade entre homes e mulleres. Esta é unha contribución significativa á construción dunha sociedade máis equitativa. A perspectiva de xénero estea presente na planificación, execución e seguimento das accións previstas.

2. MARCO LEGISLATIVO

O presente Plan de Voluntariado de Amizade baséase na normativa internacional, nacional e autonómica en materia de voluntariado e discapacidade.

No ámbito internacional, a referencia básica en que se fundamenta é a **Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade**, de plena aplicación e vixencia no noso país. O seu obxecto é promover, protexer e asegurar o goce pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais por todas as persoas con discapacidade, e promover o respecto da súa dignidade inherente.

No ámbito nacional, de maneira paralela, dando cumprimento a un dos principais compromisos do Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social 2013-2016 (PNAIN 2013-2016), aprobouse a Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado, que aposta por un voluntariado aberto, participativo e interxeneracional e que combina, co necesario equilibrio, as dimensións de axuda e participación, sen renunciar á súa aspiración á transformación da sociedade e un enfoque máis centrado na calidade que na cantidade.

Esta Lei dá cobertura a unha acción voluntaria sen adxectivos, sen excluír ningún ámbito de actuación nos que nestes anos consolidouse a súa presenza e favorece que poida promoverse non só no Terceiro Sector, senón noutros ámbitos máis novos, como son o Mundo empresarial, as Universidades ou as propias Administracións públicas.

O ámbito da aplicación da Lei:

1. Esta Lei será de aplicación ás persoas voluntarias, destinatarias e entidades de voluntariado que participen, benefíciense ou leven a cabo programas de

voluntariado de ámbito estatal ou supraautonómico, xa se desenvolvan dentro ou fóra de España.

Tamén será de aplicación respecto daqueles programas nos que o Estado teña recoñecida constitucionalmente a súa competencia, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas en materia de voluntariado polos seus Estatutos de Autonomía así como tamén na súa lexislación específica.

2. Os programas de voluntariado aos que se aplica esta Lei serán os desenvolvidos naqueles ámbitos nos que o Estado teña recoñecida constitucionalmente a súa intervención, xa leven a cabo dentro ou fóra do territorio español. Así mesmo, aplicarase a aqueles cuxa execución exceda do territorio dunha comunidade autónoma.

Concepto de voluntariado.

1. Para os efectos da presente Lei, enténdese por voluntariado o conxunto de actividades de interese xeral desenvolvidas por persoas físicas, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan carácter solidario.
- b) Que a súa realización sexa libre, sen que teñan a súa causa nunha obrigaón persoal ou deber xurídico e sexa asumida voluntariamente.
- c) Que leven a cabo sen contraprestación económica ou material, sen prexuízo do abono dos gastos reembolsables que o desempeño da acción voluntaria ocasione aos voluntarios de acordo co establecido no artigo 12.2.d).
- d) Que se desenvolve a través de entidades de voluntariado con arranxo a programas concretos e dentro ou fóra do territorio español sen prexuízo do disposto nos artigos 21 e 22.

2. Enténdese por actividades de interese xeral, aquelas que contribúan en cada un dos ámbitos de actuación do voluntariado a que fai referencia o artigo 6 a mellorar a calidade de vida das persoas e da sociedade en xeral e a protexer e conservar a contorna.

3. Non terán a consideración de actividades de voluntariado as seguintes:

- a) As illadas ou esporádicas, periódicas ou non, prestadas á marxe de entidades de voluntariado.
- b) As executadas por razóns familiares, de amizade ou de boa veciñanza.
- c) As que se realicen en virtude dunha relación laboral, funcionarial, mercantil ou de calquera outra mediante contraprestación de orde económica ou material.
- d) Os traballos de colaboración social aos que se refire o Real Decreto 1445/1982, do 25 de xuño, polo que se regulan diversas medidas de fomento do emprego.
- e) As bolsas con ou sen prestación de servizos ou calquera outra actividade análoga cuxo obxectivo principal sexa a formación.
- f) As prácticas non laborais en empresas ou grupos empresariais e as prácticas académicas externas.

4. Terán a consideración de actividades de voluntariado, aquelas que se traduzan na realización de accións concretas e específicas, sen integrarse en programas globais ou a longo prazo, sempre que se realicen a través dunha entidade de voluntariado. Así mesmo tamén terán tal consideración, as que se realicen a través das tecnoloxías da información e comunicación e que non requiran a presenza física dos voluntarios nas entidades de voluntariado.

No ámbito autonómico, **a Lei 3/2000, do 22 decembro, do Voluntariado de Galicia**, foi a primeira lei en materia de voluntariado. A través desta Lei asentáronse as bases normativas que rexeron aos axentes implicados na acción voluntaria (persoas voluntarias, beneficiarias, entidades de acción voluntaria e administracións). Dereitos e deberes das persoas voluntarias, definición das entidades de acción voluntaria, e se crea o rexistro de entidades de acción voluntaria, entre outros aspectos destacados. Dende o 21 de decembro, data da publicación no DOGA está en vigor en Galicia a **Lei de Voluntariado 10/2011, do 28 de novembro de acción voluntaria**.

Aos efectos da presente Lei son consideradas entidades de acción voluntaria, art 9:

“aquelas entidades, públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica propia que de xeito organizado e estable realicen programas específicos en relación con actividades de interese xeral e incluídas no artigo 5 desta Lei [todos aqueles sectores da vida política, económica, cultural e social que contribúan a promover a mellora das condicións de calidade de vida das persoas ou o benestar social]”.

Con esta nova definición, ademais das entidades de acción voluntaria ás que se refire a Lei, existen outros axentes que operan dunha forma determinante no ámbito da acción voluntaria dende a promulgación da Lei de voluntariado de Galicia 3/2000.

3. OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS DO PLAN DE VOLUNTARIADO DE AMIZADE

Estrutura do Plan

O Plan de Voluntariado de Amizade ten como principal cometido responder á realidade presente e aos retos versus conflitos que o voluntariado e as persoas con discapacidade, e de maneira indirecta, as súas familias, presentan na Comarca de Pontevedra, no marco da entidade.

As actuacións que derivan deste Plan veñen definidas pola súa contribución ás liñas estratéxicas, ámbitos e áreas de acción, en aras de promover a participación cidadá das persoas con discapacidade, fortalecer o tecido asociativo, reforzar a coordinación entre os diferentes axentes sociais e desenvolver estruturas para a acción voluntaria, entre outros elementos que se consideran claves para a promoción e capacitación das persoas con discapacidade e entidades integrantes da Rede.

Sistematízase do seguinte xeito as grandes **áreas** (obxectivo xeral) e **ámbitos** (obxectivos específicos), que á súa vez se desenvolverán en liñas estratéxicas, que compoñen o Plan:

Área de Sensibilización

O obxectivo xeral é contribuír á construción dunha cidadanía que valore e respecte en igualdade de condicións ás persoas con discapacidade, a través dun trato adecuado socialmente a través da acción voluntaria.

Os ámbitos que integran esta área son:

Ámbito de Concienciación e Sensibilización. Obxectivo específico: Informar en temas de discapacidade ao conxunto da sociedade, ademais de realizar actividades onde se pon de manifesto as situacións de desvantaxe coas que se encontran as persoas con discapacidade coa fin de transformar a mentalidade existente, visibilizar a cantidade e calidade da súa contribución social.

Área de Coordinación e Apoio

O obxectivo xeral da área de coordinación e apoio é articular e fomentar o desenvolvemento das actividades de voluntariado enmarcadas dentro das liñas estratéxicas do Plan canalizadas a través da entidade de Amizade.

Os ámbitos que integran esta área son:

Ámbito da Planificación. Obxectivo específico: Fortalecer os proxectos de actividades creados e incrementar novos proxectos que beneficien ás persoas con discapacidade na súa promoción e autonomía persoal.

Ámbito da Xestión. Obxectivo específico: Mellorar a eficacia e eficiencia da comunicación entres os axentes sociais implicados no eido do voluntariado para contribuír a unha comunicación efectiva.

Área de Formación

O obxectivo xeral é participar na formación ofertada polos diferentes axentes públicos implicados no eido do voluntariado.

Os ámbitos que integran esta área son:

Ámbito da Cooperación. Obxectivo específico: Reforzar a comunicación e cooperación entre o persoal técnico e demais axentes externos implicados nas accións de voluntariado.

ACCIONS DO PLAN DE VOLUNTARIADO DE AMIZADE			
AREAS	ÁMBITOS	LIÑAS ESTRATÉXICAS	ACCIÓNS
3	5	5	8
1. SENSIBILIZACIÓN	Concienciación e Sensibilización (LE 01)	1	2
2. COORDINACIÓN E APOIO	Planificación (LE 02)	1	2
	Xestión (LE 03-04)	2	3
3. FORMACIÓN	Cooperación (LE 05)	1	1

3.1. Área de sensibilización

Obxectivo xeral: Contribuír á construción dunha cidadanía que valore e respecte en igual de condicións ás persoas con discapacidade, a través dun trato adecuado socialmente a través da acción voluntaria.

CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN	LIÑAS ESTRATÉXICAS	ACCIÓNS
<p>Obxectivo Específico:</p> <p>Informar en temas de discapacidade e prevención en lesións medulares ao conxunto da sociedade.</p>	<p>LE 01. Sensibilización e concienciación sobre diversos aspectos da discapacidade a sociedade en xeral.</p>	<p>1. Impulso á concienciación e sensibilización da sociedade acerca das persoas con discapacidade que contribuíu a unha maior solidariedade e cooperación.</p> <p>2. Realización de charlas de sensibilización de cara a un trato adecuado ás persoas con discapacidade.</p>

3.2. Área de Coordinación e Apoio

Obxectivo xeral: Articular e fomentar o desenvolvemento das actividades de voluntariado enmarcadas dentro das liñas estratéxicas do Plan.

PLANIFICACIÓN	LIÑAS ESTRATÉXICAS	ACCIÓNS
<p>Obxectivo Específico:</p> <p>Fortalecer os proxectos de actividades creados e incrementar novos proxectos que beneficien ás persoas con discapacidade na súa promoción e autonomía persoal</p>	<p>LE 02. Promoción e mantemento da continuidade das actividades enmarcadas no programa de acompañamento e apoio ás persoas con discapacidade.</p>	<p>3. Impulso á difusión de accións e actividades de voluntariado relacionados co acompañamento e apoio ás persoas con discapacidade.</p> <p>4. Promoción do voluntariado para a intervención como apoio en eventos sociais, culturais e deportivos.</p>

XESTIÓN	LIÑAS ESTRATÉXICAS	ACCIÓNS
<p>Obxectivo Específico:</p> <p>Mellorar a eficacia e eficiencia da xestión interna da Rede e comunicación entre os axentes sociais implicados no eido do voluntariado para contribuír a unha comunicación efectiva que permita a sustentabilidade no desempeño das actividades voluntarias.</p>	<p>LE 03. Promoción dos elementos facilitadores de comunicación interna para o mantemento da Rede e continuidade da acción voluntaria.</p>	<p>5. Impulso á presenza do voluntariado como elemento transversal presente nas políticas, plans e programas de diferentes áreas da Entidade.</p> <p>6. Apoio para a mellora na transmisión de información e na comunicación de datos, cursos e actos sobre voluntariado entre os axentes implicados na acción voluntaria.</p>
	<p>LE 04. Potenciar a coordinación entre as entidades de acción voluntaria</p>	<p>7. Fomento do apoio das administracións públicas para a incorporación de sistemas de xestión da calidade nos ámbitos da xestión da acción voluntaria.</p>

3.3. Área de Formación

Obxectivo xeral: Dotar aos axentes implicados no eido do voluntariado das ferramentas e materiais didácticos adecuados para un desenvolvemento óptimo da súa labor. Así como, participar na formación ofertada polos diferentes axentes públicos implicados no eido do voluntariado.

COOPERACIÓN	LIÑAS ESTRATÉXICAS	ACCIÓNS
<p>Obxectivo Específico:</p> <p>Reforzar a comunicación e cooperación entre o persoal técnico das entidades e oficinas da Rede e demais axentes externos implicados nas accións de voluntariado.</p>	<p>LE 5. Desenvolvemento de colaboracións entre as entidades e oficinas que conforman a Rede.</p>	<p>8. Promoción de actividades de voluntariado en ámbitos concretos de intervención: muller, menores, familia e persoas con gran discapacidade de cara a fomentar liñas de actuación comúns entre as entidades que conforman a Rede e colaboracións</p>

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación do Plan de Voluntariado de Amizade será coordinado dende a Área de Administración.

4.1. Seguimento

Considérase o seguimento do Plan de Voluntariado como un proceso que ten lugar durante a súa execución, co cometido de observar, recoller información, realizar axustes e informar aos axentes de voluntariado implicados, ás administracións públicas e á cidadanía en xeral sobre a súa marcha e o desenvolvemento no eido do voluntariado con persoas con discapacidade no período de vixencia.

O obxectivo xeral do seguimento será recoller información sobre o desenvolvemento das accións previstas no Plan durante a súa execución.

O seguimento contemplará o Plan a través da execución das accións previstas e en relación aos axentes responsables e implicados en cada unha delas. Implicará a posta en común do recollido.

Considérase o seguimento como un proceso de carácter interno, continuo e desenvolvido en tempo real, que será a ponte entre a súa execución e avaliación.

4.2. Avaliación

A avaliación do Plan é o proceso mediante o cal se tratará de analizar a consecución de obxectivos xerais e específicos do Plan.

Como criterios de avaliación tómanse en conta a eficacia, eficiencia, pertinencia, calidade e satisfacción das accións expostas en función das liñas extratécnicas.

A avaliación será realizada ao final do período de execución.

4.2.1. Indicadores

Para poder realizar unha medición óptima de viabilidade, eficiencia e eficacia do Plan, se levará a cabo unha avaliación de Área en función dos seguintes indicadores:

INDICADORES PLAN DE VOLUNTARIADO AMIZADE			
ÁREAS	ÁMBITOS	INDICADORES E METAS	
1. SENSIBILIZACIÓN	Concienciación e Sensibilización (LE 01)	Nº de charlas realizadas.	3
		Nº medio de persoas participantes/charla.	25
		Nº de persoas voluntarias participantes/charla.	3
2. COORDINACIÓN E APOIO	Planificación (LE 02)	Nº de beneficiarios directos/ano das actividades de voluntariado	300
		Nº de voluntarios de nova incorporación/ano	1
	Xestión (LE 03-04)	Nº de reunións/seguimentos de coordinación realizadas/ano.	20
		% de consultas resoltas.	100%
3. FORMACIÓN	Cooperación (LE 05)	Nº de colaboracións realizadas coas administracións publicas ou outras entidades a nivel galego ou transfronterizo.	2

DOTACIÓN ORZAMENTARIA: 2.000 Euros